



Designación do tribunal que elaborará, supervisará e avaliará a proba que substitúe o requisito de titulación de educación secundaria obrigatoria para o acceso ás ensinanzas deportivas para o curso 2024/25.

A Resolución do 9 de abril de 2024, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se convocan probas de acceso ás ensinanzas deportivas para o curso 2024/25 (DOG núm. 89 do 7 de maio de 2024), establece que o tribunal que elaborará, supervisará e avaliará a proba que substitúe o requisito de titulación de educación secundaria obrigatoria para o acceso ás ensinanzas deportivas será designado pola persoa titular da Dirección Xeral de Formación Profesional.

De conformidade co establecido na citada Resolución do 9 do abril de 2024, esta Dirección Xeral

RESOLVE:

Primeiro. Designar os membros do tribunal que elaborará, supervisará e avaliará a proba que substitúe o requisito de titulación de educación secundaria obrigatoria para o acceso ás ensinanzas deportivas de grao medio para o curso 2024/25 e facer pública a súa composición, que é a que figura no anexo desta resolución.

Segundo. Os membros deste tribunal terán dereito á percepción de asistencias de acordo co establecido no capítulo IV do Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG núm. 144 do 25/06/2001) modificado polo Decreto 144/2008, do 26 de xuño (DOG núm. 144 do 18/07/2008) e polo Decreto 96/2011, do 5 de maio (DOG núm. 96 do 30/05/2011).

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

María Eugenia Pérez Fernández
Directora xeral de Formación Profesional





ANEXO

Tribunal titular		Tribunal suplente	
Presidente	Fernando Fernández Fraga	Presidenta	Verónica Martínez Delgado
Secretaria	María do Carme González Bueno	Secretaria	Ana Alberte Lista
Vogal 1º	Tomás Rodríguez Puy	Vogal 1º	Susana González Marcos
Vogal 2º	María Dolores González Peón	Vogal 2º	Pedro Antonio Labraña Barrero
Vogal 3º	Francisco Javier Poch Gutiérrez	Vogal 3º	Fernando Lojo Piñeiro

